

CONVOCATORIA PROGRAMA ENTROIDO 2017

Primería.- Obxecto

1. O Concello de Mugar dos vai a desenvolver o Programa Entroido 2017, a través do cal quere promocionar o comercio local para fomentar o consumo no municipio, premiando as persoas que veñan disfrazadas mediante o sorteo de vales.
2. O incentivo promocional consistirá na realización de dous sorteos:
 - a. Mércores, 1 de marzo: 2 vales por importe de 50€ cada un.

Segunda.- As normas polas que se regula este sorteo son as contidas nas presentes Bases

Terceira.- Contido dos premios

1. O sorteo consistira nos seguintes premios:
 - a. 2 vales por importe de 50€ cada un, para canxear nos establecementos que figuran na categoría a) e b) do Anexo I.
2. Concederase un vale para canxear no establecemento correspondente á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento. Se o importe do adquirido é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fora superior ao valor do vale, a diferenza será aboada polo/a persoa. O Concello non asume máis que o importe consignado no vale. O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción da compra. A persoa nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción da compra. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade co vale entregado, así como, se fora o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto. Unha vez entregada a compra o establecemento quedará en posesión do correspondente vale. Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.
3. A persoa beneficiaria do vale poderá canxear o vale no establecemento elixido antes do 30 de abril de 2017.
4. A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións das presentes bases.

Cuarta.- Dereito á participación no sorteo

1. Poderá participar no sorteo, de 2 vales de 50€, obxecto do presente programa, todas as persoas, a título individual ou en grupo, que presenten un entroido e participen no

Enterro da sardiña que terá lugar o mércores 1 de marzo. Previamente é obrigatoria a inscrición na OMIX do Concello, con data limite 14.00 horas do venres 24 de febreiro.

Quinta. Calendario

1. Mércores, 1 de marzo: 2 vales de 50€

Sexta. Mecánica do sorteo

1. Terán dereito a participar no sorteo, do mércores 1 de marzo, todas as persoas, a título individual ou en grupo, que presente un entroido e participen no Enterro da sardiña, e que previamente se inscribiron na OMIX do concello.
2. A comisión encargada do sorteo obterá de forma aleatoria un boleto dos entregados aos participantes, no que figurarán os datos persoais da persoa participante.

Sétima. Propiedade dos premios

A propiedade de cada vale, e polo tanto o dereito ao seu disfrute, se lle atribuirá á persoa física concreta que aparece nomeada no boleto premiado, ou o grupo que figura inscrito na OMIX.

Oitava. Publicidade do sorteo

Os boletos premiados irán facendo públicos no mesmo momento da extracción do boleto.

Novena. Entrega de premios

1. A aceptación dos premios polas persoas agraciadas supón e estará condicionada á aceptación das presentes bases por ditas persoas.
2. Transcorridos 10 días hábiles desde os sorteos realizados sen que ninguén presentase o boleto premiado dará lugar a que o premio quede deserto.

ANEXO I
CATEGORÍA Á QUE PERTENECEN OS COMERCIOS PARTICIPANTES

Categoría a):

- Postos do mercado municipal
- Carnicerías
- Supermercados
- Comercios de decoración
- Moblería
- Tendas de electrodomésticos
- Hostalería

Categoría b):

- Panaderías
- Floristería
- Papelerías
- Comercios de artigos de agasallos
- Mercerías
- Zapaterías
- Perfumerías
- Xoiería
- Tendas de prendas de vestir
- Ópticas